

25
ANOS

CSC JOSÉ
SARAMAGO
DE VITE

1991-2016



aquí
aprendín a
actuar e
síntome como
na casa

#botandoraicescscvite



Organiza



Colaboran



Imaxe cedida por Ángel Ramírez Malvido, usuario do CSC de Vite.

25 ANOS

Cumprimos 25 anos.

O centro sociocultural Jose Saramago de Vite, inaugurouse no 1991 e foi o primeiro centro sociocultural de Santiago de Compostela.

Hai 25 anos que comezamos un proxecto que botou raíces nas nosas vidas; raíces que crearon unha historia, unha historia que forma parte tamén do barrio.

Ao longo deste tempo vivimos de momentos de encontro, reflexión e disfrute. **Conseguimos moitos logros e conquistas** das que nos sentimos orgullos@s: a biblioteca José Saramago de Vite, como espazo singular do barrio, a identidade deste centro grazas a aula de xogo como espazo de encontro interxeracional, onde se organizan, conviven e participan nenos, mozos, adultos e maiores...

Ningunha delas sería posible sen o apoio e a colaboración da xente do barrio, asociacións, traballadores e diversos colectivos. Xunto a eles, o entusiasmo co que nacimos aínda nos move cara adiante.

Agora queremos abrir unha **nova páxina desta historia**, porque un cuarto de século non se cumpre todos os días. E queremos facelo botando a vista atrás, lembrando de onde vimos e a quen nos acompañou neste camiño; a través dunha **exposición de fotografías** de toda aquela xente que formou, forma e formará parte da vida do centro.

Imaxe cedida por Daniela Barreiro Picón, usuaria do CSC de Vite.

Rúa Carlos Maside nº 7
Tel. 981 542 490 / Fax 981 543 023
www.santiagosociocultural.org
Facebook: Csc José Saramago de Vite

nacín
ao lado deste
centro e agora
son parte del

#botandoraicescscvite



Organiza



Colaboran



25 ANOS

CSC JOSÉ SARAMAGO DE VITE

1991-2016 PROGRAMACIÓN

veño desde
nena e aquí
fixen os
mellores
amigos

#botandoraicescscvite



Imaxe cedida por Mercedes Gil Rodríguez, usuaria do CSC de Vite.

maio

Do 3 ao 13 / Urban Vite: Obradoiro de elaboración dunha alfombra floral, pintada no exterior do centro, de 18.00 a 19.00 h (infantil).

6 / Teatro "Conxo, musical" polo Grupo infantil da aula de xogo de Conxo, ás 18.30 h.

7 e 28 / Tardes de baile de 17.30 a 20.00 h (adultos).

10/ Acto de inauguración XXV aniversario a cargo da Concelleira de Acción Cultural Branca Petra Novo Rey, ás 19.30 h. Contaremos coa actuación da Banda Municipal de Música de Santiago e a actuación da Coral Voces do Camiño.

13 / Obradoiro de cociña "Tarta de chuches" de 18.00 a 20.00 h (todos os públicos).

14 / Actuación musical Mr. Cool e Felipe Castro ás 17.30 h (todos os públicos).

19 / Contacontos con Pavís-Pavós ás 18.30 h (infantil).

21 / Bb-ludo Xoga co inglés: Obradoiro Story Time – Where do you live? ás 11.00 h (nenos de 6 meses a 4 anos).

24 e 31 / Obradoiro de memoria no barrio, diálogo interxeracional (traballaremos a través da linguaxe radiofónica e da fotografía) de 18.00 a 20.00 h (adultos).

25 / Charla de saúde: Ciruxía refractiva polo Instituto Oftalmolóxico Gómez-Ulla (adultos), ás 19.00 h.

26 / Obradoiros en familia: Encáustica fácil (obradoiro de pintura) de 18.00 a 19.30 h (todos os públicos).

27 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "A Cegueira" do Club de teatro adulto de Vite, ás 19.30 h (adultos).

xuño

1 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "A caída do castelo" do Club de teatro adulto A Rocha, ás 19.30 h (adultos).

4 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "O médico a paus" polo Grupo de teatro Medio Ovo do Castiñeiriño, ás 19.00 h.

11 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "Malos hábitos" polo grupo de teatro Amulus de Vite ás 19.00 h (adultos).

15 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "A muller soa" de Darío Fo pola Compañía Dulce Teatro ás 19.00 h (todos os públicos).

16 / Exhibición de xadrez a cargo de Dan Cruz Álvarez de Ron de 18.00 a 20.00 h (todos os públicos).

18 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "As locas aventuras de Quijotín" polo Club de teatro infantil do Castiñeiriño ás 12.30 h.

18 e 25 / Tardes de baile de 17.30 a 20.30 h (adultos).

21 / Bb-ludo xoga Risotadas: Obradoiro de risoterapia (nenos de 0 a 3 anos) ás 18.00 h.

23 / San Xoan. Xogos, obradoiros e música de 18.00 a 20.00 h.

25 / II Mostra dos clubs de teatro da rede de centros socioculturais. Teatro "Inventario" polo Club de teatro infantil de Marrozos, ás 12.30 h.

Do 27 ao 30 xuño / Olimpíadas de Vite. Actividades deportivas no pavillón de deportes de Vite. Compítese por equipos, en mínimo dúas modalidades deportivas como poden ser fútbol-sala, voleibol, fútbol-tenis, brilé ou baloncesto. De 18.00 a 22.00 h.

xullo

1 / Finais Olimpíadas de Vite.

Do 1 ao 31 / Mañás de Verán: "25 anos de diversión" do programa **Vive o Verán** de 10.00 a 14.00 h (nenos e nenas de 7 a 14 anos).

5, 12 e 26 / Bb-ludo xoga no verán: Espacio de xogo para os máis cativos (0 a 4 anos).

7 e 28 / Rutas familiares de xogo: Rutas polos parques de Santiago, camiñando e xogando aos xogos de sempre de 11.30 a 12.30 h (maiores de 4 anos).

8 / Xogos tradicionais na rúa a cargo da Asociación de Xogos Tradicionais de Compostela de 10.30 a 13.30 h (todos os públicos).

19 / Bb-ludo xoga Medra creando: Obradoiro de estimulación sensorial ás 11.30 h (nenos de 0 a 3 anos).

Ten en conta...

1. Durante os meses de maio e xuño contaremos coa **Exposición "CSC VITE, 25 anos de vida"**, que recolle toda a historia do centro a través de fotos e artigos.
2. É preciso inscribirse previamente para as actividades e obradoiros.
3. Organizaranse visitas culturais e rutas de sendeirismo familiares nos meses de xuño e xullo. Infórmate no noso Centro e tamén a través da Rede de Centros Socioculturais.
4. A programación retomárase no último trimestre do ano, despois das vacacións do verán.
5. Se queres colaborar nalgunha das actividades contacta co persoal do Centro.